

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DESTINATARIA

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente publícase o literal do Decreto 651/2018 de 22-10-2018 no que se convoca a sesión Ordinaria do Pleno do Concello.

EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25/10/2018

EXPEDIENTE Nº 2018/G010/000013

“Descrición decreto: **EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25.10.2018**

EXPEDIENTE Nº 2018/G003/000728

DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

*En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art. 80 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 e arts. 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola Secretaria municipal o día 22/10/2018, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do RD 2568/86, do 30 de novembro, e o artigo 3.2 do RD 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:***

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á Sesión Ordinaria que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello, o próximo **xoves 25/10/2018 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA DE 27.09.2018.

2.- EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº.24. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO Nº6.

3.- DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2019.

4.-DESAFECTACIÓN DA ANTIGA ESCOLA DA GÁNDARA (NOGUEIROSA. PONTEDEUME).

5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.



7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."

En Pontedeume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo/a funcionario/a tramitador/a así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo).